



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Setembro 2020


Santiago de Compostela, 06 de novembro de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Setembro 2020

- O Índice de producción industrial (IPI) rexistrou en setembro de 2020 un avance do 7,2% con respecto a setembro de 2019, mentres que a nivel nacional reduciuse o 0,6%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo, os de equipo e os intermedios creceron un 12,9%, 18,5% e 4,1% respectivamente. Pola contra, a enerxía caeu un 13,6%.
- Por ramas de actividade as achegas positivas mais destacables corresponden á “fabricación de vehículos de motor”, que sumou 6,2 puntos, seguida da “industria da alimentación” que engade 4,1 puntos e a “confección de roupa de vestir”, que suma 1,0 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas negativas destacan: a “fabricación de bebidas” que resta 1,3 puntos, a “producción de enerxía eléctrica” que minora 0,7 puntos e a “fabricación de produtos metálicos” que resta 0,6 puntos á taxa interanual do índice xeral.

Índice de producción industrial (IPI). Setembro 2020



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de setembro de 2020 en Galicia rexistrou un avance do 7,2% en taxa interanual, mellorando en 11,0 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-3,8%). En España, rexistrouse un retroceso do 0,6%, mellorando en 5,3 puntos a taxa acadada no mes anterior (-5,9%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 12,9%, o que achega 3,6 puntos á taxa interanual.
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do 18,5%, o que suma 4,9 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** suben un 4,1%, cunha repercusión positiva de 1,2 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que retrocede un 13,6% restando 2,4 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de agosto de 2020, por destino económico, os bens de consumo melloran 27,9 puntos, os bens de equipo melloran 23,0 puntos, os bens intermedios empeoran 7,8 puntos e a enerxía empeora 8,6 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.


As ramas máis destacadas que presentan maiores achegas positivas á taxa interanual de setembro foron a “fabricación de vehículos de motor”, que sumou 6,2 puntos, seguida da “industria da alimentación” que engade 4,1 puntos e a “confección de roupa de vestir”, que suma 1,0 puntos á taxa interanual.

No que respecta ás repercusións negativas destacan: a “fabricación de bebidas” que resta 1,3 puntos, a “produción de enerxía eléctrica” que resta 0,7 puntos e a “fabricación de produtos metálicos” que resta 0,6 puntos á taxa interanual do índice xeral.

3. Índices por comunidades autónomas


Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de setembro moveuse entre o -21,1% de Baleares e o 8,1% de Aragón. Ademais da devandita, presentan crecementos interanuais superiores á media estatal: Galicia (7,2%), Cantabria (4,1%), Murcia (2,7%), Extremadura (1,6%), Madrid (0,9%), Cataluña (0,8%) e Comunitat Valenciana (0,0%).

IPI setembro 2020 Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa JDemetra.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Setembro 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)		REPERCUSIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	111,7	7,2	-10,8	--	--
Bens de consumo	142,8	12,9	-13,2	3,6	-3,5
Bens de equipo	125,7	18,5	-14,2	4,9	-3,6
Bens intermedios	123,2	4,1	-9,2	1,2	-2,6
Enerxía	60,0	-13,6	-5,6	-2,4	-1,1
España					
Xeral	105,8	-0,6	-11,5	--	--
Bens de consumo	104,9	1,4	-8,3	0,4	-2,1
Bens de equipo	111,4	-2,3	-18,9	-0,5	-4,4
Bens intermedios	109,8	0,9	-11,0	0,3	-3,4
Enerxía	95,4	-3,4	-7,5	-0,7	-1,5

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Setembro 2020

Ramas	VARIACIÓN (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	7,2		-10,8		
Fabricación de vehículos de motor, remolques e industria da alimentación	48,7	6,2	-0,3	0,0	13,1
Confección de roupa de vestir	27,3	4,1	-0,9	-0,1	13,2
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	17,3	1,0	-24,2	-1,2	4,1
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	19,8	0,5	-7,4	-0,2	2,5
Fabricación de material e equipamento eléctrico	10,8	0,5	-15,0	-0,6	3,6
Industria química	13,2	0,2	-7,3	-0,1	1,4
Outras industrias extractivas	9,1	0,2	-6,6	-0,1	1,5
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixas	13,6	0,1	9,0	0,1	1,1
Industria téxtil	2,1	0,1	-6,4	-0,3	5,1
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	0,7	0,0	-15,8	-0,1	0,6
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-1,9	-0,1	-14,5	-0,4	2,0
Outras industrias manufactureiras	-2,3	-0,1	-9,4	-0,3	4,1
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-26,2	-0,2	-22,8	-0,1	0,5
Fabricación de mobles	-7,0	-0,2	-13,5	-0,4	2,6
Fabricación doutro material de transporte	-12,9	-0,2	-22,5	-0,3	1,1
Industria do papel	-13,6	-0,2	-33,5	-0,7	2,0
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	-12,9	-0,3	-10,5	-0,3	2,2
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-6,7	-0,6	-27,1	-2,8	7,7
Fabricación de bebidas	-5,7	-0,7	1,5	0,2	22,3
Captación, depuración e distribución de auga	-30,4	-1,3	-35,5	-1,6	3,5
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*

Fonte: INE

(*) Pocas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Setembro 2020

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	105,8	-0,6	-11,5
Galicia	111,7	7,2	-10,8
Andalucía	98,6	-3,7	-13,0
Aragón	111,8	8,1	-12,0
Asturias	89,9	-12,7	-16,6
Baleares (Illes)	71,5	-21,1	-23,0
Canarias	86,8	-7,6	-11,5
Cantabria	116,5	4,1	-12,5
Castilla - La Mancha	103,8	-0,9	-9,7
Castilla y León	94,6	-1,5	-13,6
Cataluña	105,0	0,8	-12,1
Comunitat Valenciana	110,1	0,0	-9,1
Extremadura	125,0	1,6	-8,0
Madrid	108,8	0,9	-8,6
Murcia	125,4	2,7	-2,6
Navarra	118,6	-1,7	-10,5
Pais Vasco	104,8	-7,0	-15,6
Rioja (La)	86,1	-5,5	-15,0

Fonte: INE